

CURSO

# ACOLLEMENTO FAMILIAR CON MENORES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario .....	4
7) Metodoloxía.....	4
8) Avaliación .....	5
9) Docencia .....	5

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

## 1. RESUMO DO CURSO



50 horas



Online



Do 21 de abril ao 17 de xuño de 2022



**Colexiados/as:** 55€

**Non colex:** 75€

## 2. FUNDAMENTACIÓN

A Asociación Galega de Familias de Acollida (ACOUGO) nace das necesidades dun grupo de familias que desexan involucrarse en maior medida na defensa dos dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección público. Por isto estableceuse un marco organizado e formal para colaborar e apoiar a Administración e a outras entidades integrantes no sistema formal que traballa a prol dos menores. Todas e cada unha das partes integrantes neste sistema son necesarias para velar polos dereitos e intereses das persoas en xeral, e das máis vulnerables, en particular (incluíndo as familias de orixe).

No Documento de traballo **“Criterios de cobertura, calidade e accesibilidade en acollemento familiar (D.A. 3ª LEI 26/2015)** aprobado na reunión da Comisión Delegada de Servizos Sociais celebrada o 2 de outubro de 2019, elaborado pola Dirección Xeral de Servizos para as Familias e a Infancia da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, do Ministerio de Sanidade, Consumo e Ienestar Social”, na que Galicia participou, recóllense unha serie de Dereitos e Deberes das Familias Acolledoras. Do mesmo xeito, inclúe varias medidas, entre as que se atopan o fomento do Acollemento Familiar e o fomento do Asociacionismo das persoas e Familias Acolledoras.

Tal e como se recolle na citada lei: *(...) 2. Elementos esenciais dos procedementos de acollemento familiar: valoración de aptitude educadora das familias; compensación económica, para o acollemento especializado como para o ordinario, con especial atención ás necesidades derivadas do acollemento de menores con discapacidade; medidas de fomento e apoio ao acollemento familiar; campañas informativas; fomento do asociacionismo das persoas e familias acolledoras.*

Neste marco, considérase necesario que as familias acolledoras teñan unha representación formal específica debido á súa particular idiosincrasia e para poder participar de xeito activo e organizado, sobre todo, por non existir a día de hoxe unha Asociación na nosa comunidade que se ocupe de representar ás Familias Acolledoras en exclusividade.

Segundo datos estatísticos do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, durante o ano 2018, en Galicia, a porcentaxe de **menores en acollemento familiar** respecto ao total dos menores en sistemas de protección **era do 50%**. Unha das prioridades de ACOUGO é difundir o acollemento familiar como o mellor recurso para a protección á infancia e adolescencia en situación de desamparo ou risco, comprometéndonos así co programa de sensibilización social e captación de posibles persoas e familias acolledoras.

### 3. OBXECTIVOS

- Coñecer o contexto lexislativo do acollemento familiar.
- Coñecer os programas, recursos e protocolos de intervención.
- Ser consciente dos efectos que o acollemento familiar produce nos menores.
- Dotar aos equipos profesionais de ferramentas para a prevención (evitar a retirada de menores das súas familias).
- Xerar redes entre axentes e equipos técnicos que participan no Sistema de protección do/a menor.

## 4. CONTIDOS

### Módulo 1. Marco legal provincial e autonómico (5h)

Propónse, para comezar a formación, unha aproximación ás diferentes normativas no ámbito provincial e autonómico polo que se rexe o funcionamento do acollemento, tanto familiar coma residencial en Galicia.

A formación neste eido resulta fundamental para os equipos profesionais que se adican ao traballo no eido do social, xa que só a través do seu coñecemento e asimilación se pode comprender como afecta a súa labor profesional ás crianzas e familias afectadas por esta medida e como se pode mellorar e adaptar a súa práctica profesional ás características individuais e singulares do grupo de persoas ás que o acollemento afecta. Polo tanto, traballaránse as seguintes leis:

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

### Módulo 2. Detección e valoración do risco (10h)

Detectar significa “recoñecer ou identificar a existencia dunha posible situación de maltrato infantil ou problemas de risco”:

- Detección do risco desde diferentes ámbitos: social, educativo, sanitario, policial, xudicial.
- Fontes de detección.
- Xeitos de notificación.

Analizaránse as carencias que desde Acougo se considera que ten este protocolo, realizando polo tanto unha presentación destas aportacións, a través do VALÓRAME. Os puntos a tratar neste senso son os seguintes:

- Necesidade de elaboración dun protocolo de valoración.
- Axentes participantes na elaboración.
- Procedemento de intervención.
- Momentos de aplicación.

- Definición de niveis de risco.
- Procedementos para a valoración.
- Tipoloxías de desprotección.
- Necesidades básicas de coidado en función da idade.

### **Módulo 3. Programas e recursos de intervención en Galicia (5h)**

Traballárase como é o proceso para ser familia acolledora e cal é o papel dos equipos profesionais.

- Xefaturas territoriais. Familia e menores.
- Equipos de acollemento familiar Cruz Vermella.
- Centros de menores da Comunidade Autónoma.
- Aldeas Infantiles
- Gabinetes de orientación e mediación familiar.
- PEF
- PIF

### **Módulo 4. Intervención en risco grave (10h)**

- Definición de maltrato infantil.
- Procesos a seguir na Comunidade Autónoma de Galicia ante un caso de maltrato infantil: Servizos Sociais, Consellería de Política Social, Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), liña de axuda á infancia, follas de notificación de risco.
- Protocolo de actuación de abusos sexuais a menores.
- Recursos e programas de apoio e intervención: Gabinetes de Orientación Familiar, Mediación familiar, Puntos de Encontro Familiar, Programa de Integración Familiar, Atención de día, Programa de avaliación e tratamento terapéutico, Programa de intervención ambulatoria con adolescentes, Programa MENTOR.

## **Módulo 5. Igualdade de xénero en acollemento familiar residencial (10h)**

Desde Acougo considérase indispensable incluír a perspectiva de xénero dentro do sistema de acollemento familiar, entendendo a través dela como “o masculino” e “o feminino” afectan a cada un dos sistemas que se interrelacionan dentro do sistema de acollemento familiar.

A partir desta análise poderanse construír accións e intervencións que melloren as relacións, as oportunidades, as emocións, as cargas, etc de cada un dos sistemas.

## **Módulo 6. Enfermidade mental en infancia e adolescencia en situación de acollemento (10h)**

- Definición de conceptos relacionados coa estabilidade emocional das crianzas acollidas: afectividade, emoción, sentimento, estado de ánimo, afecto, emocións negativas, emocións positivas,...
- O vínculo afectivo: Que é, cales son as súas funcións, sensibilidade materna e paterna, temperamento e vínculo.
- O apego: Que é, fases, tipos, como afecta o apego ao desenvolvemento emocional.
- Trastornos relacionados co vínculo do apego: carencia afectiva, hospitalismo, depresión anaclítica, carencias afectivas ligadas a separacións familiares, carencias afectivas ligadas á distorsión ambiental ou social, trastorno reactivo da vinculación, trastornos vinculares (esfinterianos, alxias diversas, dixestivos, comportamento alimentario, sono, relacionais, adictivas, ansiedade por separación, da liña depresiva, distimias).
- Como xeramos vínculos afectivos?: Facer o afecto expreso, sentimento de pertenza, coñecemento mutuo e tempo compartido, compromiso e coidado da outra persoa, Autoridade: límites para a protección física, a autonomía afectiva e a integración social.

## 5. PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas diplomadas e/ou graduadas en Traballo Social así como outros/as profesionais do eido social que desexen ampliar os seus coñecementos en intervención especializada con menores en situación de desprotección.

## 6. CALENDARIO

O curso consta de 50 horas que se impartirán desde o 21 de abril ao 17 de xuño de 2022.

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	21/04/2022	16.30-17.30h
Sesión 2	Pdte.	16.30-17.30h

## 7. METODOLOXÍA

O curso realizarase a través da **plataforma Moodle**. Ademais disto, conectarase co alumnado ao principio e ao final da formación a través de videoconferencia para poder realizar unha primeira explicación do curso e unha avaliación conxunta.

Os recursos didácticos, en formato dixital, iranse entregando a medida que avance o curso.



## 8. AVALIACIÓN

Levarase a cabo unha avaliación continua, de xeito que as persoas participantes deberán realizar **unha tarefa por módulo**.

## 9. DOCENCIA

### **Carmen Dourado Rodríguez**

Traballadora social. Actual directora e coordinadora técnica de ACOUGO (Asociación Galega de Familias de Acollida) con experiencia en intervención no ámbito de muller, familia e menores.

Docente experta en educación, igualdade, xénero, menores e inclusión sociolaboral.

### **Viviana Varela Novo**

Educadora social e pedagoga. Conta con experiencia de 15 anos no traballo con crianzas, persoas adolescentes e familias.

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)